



Pura

- Eu non canto ben

A Casiña – Arcos (San Breixo) – Cuntis, 1979-03

Informante: Pura (40)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcrición: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Edición da presente ficha: Sara Vilariño Rama

VI 1993

Ghache, ghache, ghache
que me rabuñache,
racháchesme a saia
non ma romendache.

V 154

Teño unha herba na ihorta
que lle chaman ouropese.
Para ti falar conmigho
tes que nacer outra ves -e.

V 162b

Teño unha herba na horta
que lle chaman chopo blanco.
Aínda me dixeron onte
que eras filla do boi blanco.

V 176b

Teño unha herba na ihorta
que me seca pola punta.
Así seque a túa lingua
por decirme esta preghunta.

Pura:

Quedaches de vir ás nove
viñeches as nove e media.
Pensas que non é pecado
engañar a unha morena.